

13.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 27 DE MARZO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚMS 11/2017 E 12/2017 DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL DE DATAS 14 DE MARZO DE 2017 E 20 DE MARZO DE 2017.

Acordouse aprobar as actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local núms. 11/2017 e 12/2017 de datas 14 de marzo de 2017 e 20 de marzo de 2017.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para a instalación dun ascensor no citado edificio de vivendas sito na Avda. de Buenos Aires núm. 110 - Lalín.

3.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

3.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN dunha parcela rústica en Palio de Abaixo – Palio – Lalín.

4.- CAMBIOS DE TITULARIDADE.

4.1.- Acordouse ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE respecto da actividade de comercio ao miúdo no Centro Comercial Deza na r/ Areal, s/n - Lalín.

4.2.- Acordouse ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE respecto da actividade de centro comercial/galería comercial no Centro Comercial Deza na r/ Areal, s/n - Lalín.

5.- CERTIFICACIÓN DE OBRA.

5.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 1 e final da obra “ACTUACIÓN DE EMERXENCIA E INAPRAZABLES DE REPARACIÓN NO AUDITORIO MUNICIPAL DE LALÍN”.

6.- RENDICIÓN DE CONTAS.

6.1.- Acordouse aprobar a xustificación rendida pola perceptora do pagamento a xustificar aprobado por Resolución da Concellería de Facenda do 20 de febreiro de 2017 en concepto de anticipo da indemnización por razón do servizo das axudas de custe derivadas da orde de comisión de servizo.

6.2.- Acordouse proceder a tramitación do procedemento de reintegro de subvención contra a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín.

7.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

7.1.- Acordouse aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O CONCELLO DE AGOLADA PARA SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN NA CONVOCATORIA PUBLICADA POR RESOLUCIÓN DA AGADER DE DATA 30 DE DECEMBRO DE 2016.

7.2.- Acordouse aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN.

8.- SOLICITUDE DE ALTA DE AUGA E SANEAMENTO.

Acordouse aprobar varias altas de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador .

9.- FACTURAS E CONTAS.

9.1.- Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00021 por importe de 165.740,89 €.

10.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

10.1.- Acordouse aprobar as cifras de poboación deste municipio de Lalín a 1 de xaneiro de 2017 que son 20.101 habitantes.

10.2.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 229,58 €.

10.3.- Acordouse aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao amparo das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan de Concellos 2016).

10.4.- Acordouse Designar a funcionario municipal como responsable da xestión do Programa Turismo do IMSERSO.

10.5.- Acordouse Autorizar e comprometer un gasto por importe de 13.310,00 euros IVE para a contratación da “*Consultoría Externa para un proceso participativo de posta en valor da piscina vella e usos futuros da antiga piscina climatizada*” .

10.6.- Primeiro.- Acordouse Designar a unha funcionaria municipal como representante dos traballadores do Departamento de Benestar Social no CMBS.

Segundo.- Acordouse Designar a funcionario municipal como Secretario CMBS.

11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

11.1.- Deuse conta da comunicación da Sra. Concelleira Delegada de Emprego, na que comunica a baixa voluntaria da alumna traballadora do obradoiro de emprego “*Rivero Social Lalín*”.

11.2.- Acordouse conceder autorización municipal para pernoctar en Lalín no pavillón municipal día 10 de abril de 2017 e saíndo o día 11 de abril de 2017 ás 8 da mañá.

11.3.- Acordouse conceder autorización municipal para pernoctar en Lalín no pavillón municipal o día 6 de agosto de 2017 e saíndo o día 7 de agosto de 2017 pola mañá.

11.4.- Acordouse conceder autorización municipal para consultar o Libro de Amillaramento da parroquia de Noceda.

11.5.- Acordouse conceder autorización para a celebración da “FEIRA DO CABALO DE LALÍN”.

11.6.- Acordouse conceder autorización municipal para a cesión do salón teatro o xoves día 20 de abril de 2017 ás 21:00 horas para a presentación dos resultados do Plan de Acción Comercial para o comercio e a hostalería de Lalín.

11.7.- Deuse conta da resolución pola que se autoriza a renovación da autorización do uso de 9 videocámaras fixas na Casa do Concello de Lalín.
